



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E CATRO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (26/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás 11.20 horas do 24 de xullo de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás dez horas e trinta minutos.

Actúa como Secretaria, D.^a Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

- 1.- Ratificación do cambio de data da Xunta de Goberno Local do mes de xullo de 2025
- 2.- Aprobación da acta anterior
- 3.- Relación de facturas 037XOK/2025
- 4.- Asuntos urxentes

1. RATIFICACIÓN DO CAMBIO DE DATA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO MES DE XULLO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións indica que se determinou convocar a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria o mércores, debido a que non se ditou a Resolución de nomeamento da Secretaria en réxime de acumulación, por parte da Dirección Xeral de Administración Local en tempo bastante para poder levar a cabo a convocatoria en forma e prazo previsto, previa toma de posesión da Secretaria Ana Ramos Ramos que da fe do decreto da convocatoria e asiste á formación da orde do día a esta Alcaldía en funcións.

Por UNANIMIDADE dos membros presentes se ACORDA.-

UNICO.- Ratificar o cambio de data da Xunta de Goberno Local prevista para celebrar o mércores 23 de xullo de 2025, e celebrala o xoves 24 de xullo de 2025.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2. APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR

Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 18 de xullo de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección por **UNANIMIDADE** dos presentes.

3.- Relación de facturas 037XOK/2025.

A secretaria da lectura á proposta da alcaldía que obra no expediente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 37XOK/2025 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	37XOK/2025
Importe total	3.881,13€
Número de facturas e gastos que contén	1
Número do Rexistro Facturas da factura	F/2025/1467



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Aberto o turno de debate e sen intervencións sométese o asunto a votación resultando a proposta aprobada por **UNANIMIDADE** dos presentes, en todos os seus termos.

4. ASUNTOS URXENTES

Non hai

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás 12.06 horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certífico.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.^a Ana Ramos Ramos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)